

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Secretaría Xeral

Exposición pública da aprobación definitiva da modificación do Regulamento de Instalacións Deportivas e Escolas Deportivas Municipais do Concello de Arteixo

SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES

REF^a.: IRA/PZR/MDF/2015

ASUNTO: APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO

ANUNCIO BOP

Téndose aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria celebrada o día trinta de abril de dous mil quince a “APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE ARTEIXO”, e téndose publicado anuncio de exposición pública no BOP de data 1 de Setembro de 2015, e no taboleiro de anuncios deste Concello entre o 2 de Setembro e o 6 de Outubro, sen que se presentara reclamación algunha contra o mesmo, procédese á publicación do texto íntegro para xeral coñecemento:

“REGULAMENTO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS E ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

ÍNDICE

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓN XERAIS

Obxecto.

Forma de xestión.

Natureza xurídica das instalacións deportivas municipais

CAPÍTULO II. COMPETENCIAS E FUNCIÓNS

Competencia para a autorización de actos non deportivos.

Competencias do Pleno da Corporación.

Competencias do alcalde

Competencias do Servizo Municipal de Deportes.

Competencias dos operarios municipais das instalacións deportivas municipais

CAPÍTULO III. DEREITOS E DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

Dereito de uso.

Deberes e responsabilidades dos/as usuarios/as

Prohibicións.

Vestuario deportivo.

Uso das instalacións.

CAPÍTULO IV. AUTORIZACIÓN E HORARIOS

Elaboración do horario das instalacións deportivas municipais

Normas de elaboración do horario.

Prezo público.

Publicidade.

CAPÍTULO V. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN

Responsabilidades

CAPÍTULO VI. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Infraccións e sancións.

CAPÍTULO VII. NORMAS PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, CURSOS E DEMAIS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES.

Dereitos do alumnado

Obrigas do alumnado

Perda da condición de alumno/a e/ou asistentes aos cursos

Documentación

CAPÍTULO VIII. NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS MUNICIPAIS.

Dos tipos de persoas usuarias. Servizos aos que poden acceder e modalidades de cotas.

Artigo 24.1.- Persoas abonadas

Artigo 24.2.- Persoas socias

Artigo 24.3.- Asistentes a cursos.

Artigo 24.4.- Persoas usuarias por libre.

Artigo 2.4.1.- Por entradas.

Artigo 2.4.1.- Por reservas.

Artigo 24.4.- Clubs, asociacións e centros educativos.

Das relacións coas persoas usuarias. Altas, baixas e follas de reclamacións e suxestións

Artigo 25.1.- Requisitos para a alta no servizo.

Artigo 25.2.- Baixas.

Artigo 25.3.- Follas de reclamacións e suxestións.

Das taxas/prezos públicos e matrícula.

Formas de pagamento, devolucións de recibos e período de compromiso.

Artigo 27.1.- Formas de pagamento.

Artigo 27.2.- Devolucións de recibos.

Artigo 27.3.- Período de compromiso.

Cobertura de accidentes.

Custodia de valores

Dereitos e deberes das persoas usuaria

Artigo 30.1.- Dereitos.

Artigo 30.1.1.- Dereito á información.

Artigo 30.1.2.- Dereito ao uso e goce das instalacións.

Artigo 30.1.3.- Dereito á protección de datos persoais.

Artigo 30.1.4.- Dereito a opinar e reclamar.

Artigo 30.2.- Deberes das persoas usuarias.

Dereitos e deberes da empresa concesionaria respecto das persoas usuarias.

Artigo 30.1.- Dereitos

Artigo 30.2.- Deberes.

Regulamento de uso das instalacións.

Artigo 32.1.- Horarios da instalación e pechamentos.

Artigo 32.2.- Limitación do número de persoas usuarias e aboadas.

Artigo 32.3.- Normativa.

Artigo 32.3.1.- Normativa xeral.

Artigo 32.3.2.- Normativa de vestiarios.

Artigo 32.3.3.- Normativa de Baños de Calor.

Artigo 32.3.4.- Normativa de piscinas.

Artigo 32.3.5.- Normativa de Salas de cardiovascular, musculatura, workcicle...

Artigo 32.3.6.- Normativa de actividades e cursos

Artigo 32.3.7.- Normativa para Clubs, Federacións, colectivos, etc.

Artigo 32.3.8.- Normativa de aluguer.

Regulamento de sancións.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As instalacións deportivas de uso público son un servizo de existencia obrigatoria dos especificados no artigo 26.1c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, regulamentadora das Bases de réxime local e 81.c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da administración local de Galicia, para os municipios de máis de 20.000 habitantes.

Así mesmo, a competencia municipal respecto a esta materia está recoñecida nos artigos 25.2 m) da devandita Lei 7/1985, de 2 de abril e 80.2 n) da tamén antedita Lei 5/1997, do 22 de xullo, baixo o título “instalacións culturais e deportivas”.

Xa que logo, apróbase o presente regulamento polo que se establece a utilización das instalacións deportivas municipais, como instalacións de servizo público adscritas á Concellaría de Deportes, todo iso, no ámbito de aplicación da lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, co obxectivo de formular un conxunto de normas encamiñadas á planificación das actividades deportivas e outras nas instalacións deportivas do Concello, coa fin de acadar os seguintes obxectivos:

- Utilización racional e ordenada das instalacións deportivas municipais, garantíndolle á cidadanía, en condicións de igualdade, o acceso ás mesmas.
- O aproveitamento integral dos recursos dispoñibles, tanto materiais coma humanos.
- A coordinación dos esforzos e actividades no ámbito deportivo.

Os capítulos I ao VI están referidos ás instalacións deportivas municipais, en canto ás competencias e funcións dos diferentes órganos municipais, dereitos e deberes das persoas usuarias, autorizacións e horarios, mantemento e conservación e infraccións e sancións

Engádesse un capítulo VII xustificado pola necesidade de regular o funcionamento e xestión das escolas deportivas municipais, cursos e demais actividades organizadas polo Servizo Municipal de Deportes.

- Defínense as Escolas Deportivas Municipais como escolas de promoción deportiva dirixidas a todas as idades e xestionadas, xa sexa directamente polo SMD, ou a través de convenios con entidades deportivas
- Con carácter xeral, a duración das mesmas será de nove meses (1 de outubro – 30 de xuño). Consideraranse días inhábiles de clases e non recuperábeis, os comprendidos entre as vacacións escolares de Nadal, Entroido e Semana Santa.
- Os pais, nais, titores ou acompañantes, non terán acceso aos locais nin as bancadas onde se desenvolvan as clases, co obxecto de non entorpecer a organización e a aprendizaxe destas.
- Nas Escolas Deportivas Municipais teñen preferencia as persoas que están empadroadas no Concello de Arteixo.
- Hai un número limitado de prazas para cada actividade, así coma un número mínimo de prazas a cubrir para que a actividade se leve a cabo, que será determinado polo SMD
- O Servizo Municipal de Deportes reserva o dereito de efectuar as modificacións nas instalacións, horarios, profesorado, etc., que considere necesarias.
- No caso de que o Servizo Municipal de Deportes detecte falsidade nos datos o alumno ou alumna causará baixa inmediata, sen dereito á devolución do importe aboado.
- As persoas que asinan a folia de inscrición fan constar que non padecen ningunha enfermidade que o incapacite para a práctica deportiva, tendo feito o oportuno recoñecemento médico.
- Calquera solicitude de cambio de horario ou de actividade ou outras cuestións a tratar, deberá facerse persoalmente no Servizo Municipal de Deportes.
- O material deportivo de uso persoal (gorro, zapatillas, lentes de natación,...) necesario para a práctica deportiva deberá ser achegado polo/a usuario/a. O devandito material será indicado polo persoal docente ao comezo do curso.

Establécese un capítulo VIII con normas específicas para as instalacións acuáticas municipais

- A Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade regula a intervención dos organismos competentes en actividades públicas ou privadas que directa ou indirectamente poidan ter consecuencias negativas para a saúde, mediante as correspondentes limitacións preventivas de carácter administrativo. A Consellaría de Sanidade da Xunta de Galicia, a través do Decreto 103/2005, do 6 de maio polo que se establece a regulamentación técnico sanitaria de piscinas de uso colectivo, fixa con carácter obrigatorio, as normas que regulamentan o control sanitario das piscinas de uso colectivo situadas no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

- A finalidade deste regulamento é completar a devandita normativa establecendo as condicións que deben respectar as persoas usuarias, coa finalidade tanto de garantir un bo uso das instalacións, que reverta no seu óptimo funcionamento, coma de facilitar a convivencia nestes espazos que son compartidos a cotío por unha pluralidade de persoas.
- É obxecto do presente Regulamento regular o funcionamento, uso e goce das instalacións acuáticas municipais, sexan xestionadas por este directamente ou ben indirectamente por calquera das modalidades de xestión de servizos públicos previstas nas normas, e será de aplicación ás actividades que se desenvolvan nestes espazos.
- As piscinas municipais teñen a condición de bens de dominio público, destinados á prestación dun servizo público municipal á cidadanía, de acordo co artigo 4 do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño e co artigo 85 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Ditas instalacións foron creadas para fomentar o deporte e a educación física e procurar o desenvolvemento integral da persoa, e a fin de obter o mellor funcionamento e a maior economía para o municipio.
- O presente Regulamento terá por obxecto facilitarlle á persoa usuaria que cumpra os requisitos establecidos na normativa de acceso ás instalacións e determinar a que servizos ten dereito.
- No non previsto no presente Regulamento regulador do servizo rexerá o disposto no Regulamento sanitario das piscinas de uso colectivo da comunidade autónoma de Galicia, e naquelas outras normas aprobadas polo concello:
 - Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
 - A ordenanza municipal correspondente.
- Calquera modificación respecto da presente normativa, seralle comunicada aos usuarios/as coa suficiente antelación.

CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1.- Obxecto.

É obxecto do presente regulamento a ordenación da utilización das instalacións deportivas municipais destinadas ao servizo público deportivo.

Artigo 2.- Forma de xestión.

As instalacións deportivas municipais serán xestionadas directamente pola Corporación, sen órgano especial de administración, agás a Piscina Municipal que poderá ser xestionada de forma indirecta, mediante as distintas formas que recolle o Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Artigo 3.- Natureza xurídica das instalacións deportivas municipais

- Os inmobles das instalacións deportivas municipais son bens de dominio público.
- Como norma xeral, as instalacións deportivas destinaranse á práctica de toda clase de actividades deportivas, competición e espectáculo de natureza deportiva ou de ocio que se axusten ás características das instalacións, previa autorización do alcalde ou concelleiro no que delegue.
- Ocasionalmente, poderá utilizarse para a realización doutras manifestacións artísticas, culturais, sociais ou de interese para a comunidade veciñal. Neste suposto precisarase unha autorización específica da Alcaldía ou da Xunta de Goberno Local por delegación para cada caso.

CAPÍTULO II. COMPETENCIAS E FUNCIONS

Artigo 4.- Competencia para a autorización de actos non deportivos.

- A Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local por delegación son os órganos competentes para autorizar ou denegar as autorizacións de utilización das instalacións deportivas municipais
- As denegacións de autorización serán debidamente motivadas.

Artigo 5. Competencias do Pleno da Corporación.

Compételle ao Pleno da Corporación o exercicio das seguintes facultades:

- Aprobación, modificación e revogación deste regulamento.
- Fixar os prezos públicos pola utilización das instalacións.

Artigo 6.- Competencias do Alcalde

Compételle ao alcalde ou concelleiro competente en materia de Deportes, previa delegación:

- Dirixir e organizar os servizos das instalacións deportivas municipais.
- Coordinar a utilización das instalacións, así coma os programas de actividades deportivas, outorgando as autorizacións para a súa utilización que non se sometan á Xunta de Goberno Local por delegación.
- Impoñer as sancións que legal e regulamentariamente se establezan.
- O exercicio das demais facultades que lle sinalen as leis e, as que asignadas ao Concello, non se atribúan expresamente a outro órgano.

Artigo 7.- Competencias do Servizo Municipal de Deportes.

Compételle ao servizo municipal competente en materia de deportes:

- Aprobación da programación deportiva anual, incluída a distribución horaria anual das instalacións deportivas municipais
- Tramitación e información sobre as solicitudes de uso.
- O establecemento de directrices para o horario de utilización de todas as instalacións deportivas municipais.
- Proposta de convenios coas asociacións e entidades deportivas sobre a utilización de ditas instalacións.
- A resolución das incidencias ordinarias que xurdan na xestión das instalacións deportivas municipais
- A resolución de solicitudes de autorización para os usos por delegación da Alcaldía.
- Calquera outra de natureza análoga

Artigo 8.- Competencias dos operarios municipais das instalacións deportivas municipais

Correspóndenlle aos mesmos as seguintes funcións:

- Custodia dos inmobles, das súas instalacións e elementos auxiliares.
- Velar pola boa orde, limpeza e axeitado uso das instalacións.
- Abrir e pechar as instalacións e manter a orde dentro das mesmas durante a celebración das actuacións.
- Manter actualizado o inventario de mobles, materiais e equipamento das instalacións deportivas.
- Resolver as incidencias que se produzan na preparación e desenvolvemento das actividades.
- Manter continuamente informado ao Servizo Municipal de Deportes de todo aquilo que ocorra nas instalacións deportivas municipais, sempre que teña algunha relevancia
- Cantas funcións resulten do presente regulamento ou lle fosen encomendadas pola Alcaldía ou concelleiro correspondente.

CAPÍTULO III. DEREITOS E DEBERES DOS/AS USUARIOS/AS

Artigo 9.- Dereito de uso.

- Para os efectos da presente normativa enténdese por persoa usuaria das instalacións deportivas municipais, aquela persoa ou entidades que as utiliza, ben participando nos programas municipais ou ben participando do aluguer ou cesión de ditos espazos deportivos. Só as persoas usuarias poderán facer uso das instalacións deportivas municipais e os servizos adscritos ás mesmas.
- As persoas acompañantes e espectadoras terán consideración de usuarios/as pasivos/as, aplicándose estas normas até onde pode chegar a súa responsabilidade durante a súa estadía na instalación.
- Toda a cidadanía ten dereito a acceder e a usar as instalacións deportivas municipais en condicións de igualdade, con suxeición aos principios democráticos de convivencia, ás normas que contén o presente regulamento e ás instrucións, que na súa execución, diten as autoridades municipais e o funcionariado encargado da xestión do servizo.
- O dereito de uso tamén se axustará ás condicións da autorización municipal e aos horarios aprobados regulamentariamente.
- A entrada aos actos que se organicen nas instalacións deportivas municipais será gratuíta. Sen embargo, calquera actuación que esixa o pagamento dunha entrada necesitará a previa autorización expresa e escrita da Alcaldía.
- Calquera usuario/a ten dereito a formular as reclamacións e suxestións que estime pertinentes a través do rexistro municipal.

Artigo 10.- Deberes e responsabilidades dos/as usuarios/as

- Os/as usuarios/as teñen a obriga de colaborar no mantemento das debidas condicións de limpeza e hixiene das instalacións e deben respectar as normas sobre o uso axeitado do equipamento e mobles das instalacións deportivas municipais.
- As avarías, danos ou perdas que se xeren no material ou nas instalacións como consecuencia da desaxeitada ou negligente utilización darán lugar á responsabilidade por parte do seu autor ou autores, que lles será esixida polo Concello de conformidade co procedemento legal e regulamentariamente establecido. Todo iso sen prexuízo da sanción administrativa que proceda.
- Utilizarán as instalacións deportivas unicamente na especialidade deportiva que estea autorizada, respectando o horario de uso concedido.
- A pedimento da persoa que exerza a Conserxaría da instalación ou responsables municipais, as persoas usuarias deberán identificarse como membros do grupo ao que lle corresponde a hora de utilización, amosando para iso o seu DNI.
- Se na utilización das instalacións, se ocasionasen danos por un uso incorrecto das mesmas, serán responsables solidarios todas aquelas persoas usuarias pertencentes ao grupo que estea a utilizar a instalación, ou no seu caso a entidade deportiva á que pertencen. É dicir, indemnizará ao Concello de Arteixo en igual contía que o valor dos bens danados ou o importe da reparación dos danos, despois do correspondente expediente de responsabilidade, e sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.
- O Concello de Arteixo reserva o dereito de anular calquera permiso concedido no caso de precisar a instalación para realizar algunha actividade ou proba deportiva municipal. Neste caso, e se as persoas afectadas son un grupo de veciñas/os que realizan un aluguer, estes poderán optar por utilizar outra hora ou instalación, ou que se lles reintegre o importe do aluguer.
- No caso de xurdir, por parte da persoa usuaria ou entidade, causas xustificadas que impidan utilizar a instalación, estará na obriga de avisar por escrito da non utilización da mesma no horario correspondente e cunha anticipación mínima de 24 horas. No caso de que unha entidade ou grupo de veciñas/os, non utilice en máis de tres ocasións as horas que ten concedidas, poderá perder os dereitos adquiridos á utilización da instalación.
- Facer uso de calquera das instalacións e espazos deportivos co axeitado vestido e calzado acorde coas diferentes modalidades deportivas.
- Aboar o prezo público correspondente ao servizo ou actividade elixida, dentro dos prazos e normas que se establezan na correspondente ordenanza.
- Corresponderalle á entidade usuaria (asociacións, clubs, agrupacións, etc.) solicitar e obter as autorizacións competentes, as autorizacións preceptivas esixíbeis, así coma estar en posesión dos preceptivos seguros de accidentes para ditas actividades, e cumprir coas sancións que impoña o concello.
- As persoas adultas velarán pola seguridade dos menores de idade ao seu cargo dentro das instalacións deportivas.
- Os/as usuarios/as maiores de idade serán responsábeis do incumprimento das normas do presente regulamento e das infraccións definidas no mesmo cometidas polos menores de idade ao seu cargo.
- Os/as usuarios/as asumirán as perdas do obxectos persoais que se produzan nas instalacións como consecuencia da súa desaparición, extravío ou deterioro dos mesmos.
- Normativa de aluguer das instalacións deportivas municipais
 - O colectivo de persoas integrantes do grupo de veciños/as ou entidades que soliciten a instalación para unha temporada completa, deberá estar formado como mínimo, un 60%, por persoas empadroadas no Concello de Arteixo.
 - Un dos integrantes do grupo, debe constar na solicitude como responsábel do mesmo, ante posibles danos que deterioreen as instalacións por un incorrecto uso das mesmas.
 - A finalidade do aluguer da pista, será única e exclusivamente para o uso recreativo ou de adestramento, non podendo organizarse competicións regulamentadas de carácter privado, nas que esixan taxas ou cotas económicas aos seus participantes.
 - A documentación que se debe presentar para solicitar o aluguer de tempada será a seguinte:
 - Breve descrición explicativa da actividade que se pretende realizar na instalación.

- Listaxe de persoas usuarias que van utilizar a instalación, co seu respectivo DNI.
- Nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto da persoa responsábel do grupo.
- As solicitudes realizaranse mediante o modelo que se determinará no Servizo Municipal de Deportes (SMD) e que estará a disposición dos cidadáns na páxina web municipal.
- No caso das solicitudes de horas illadas, presentaranse como mínimo con unha semana de antelación á data que se solicita para utilizar a instalación. Neste caso non sería necesario entregar a solicitude no rexistro municipal.
- As solicitudes para a temporada completa deberanse presentar no rexistro municipal
- Unha vez confirmada a adxudicación do horario de utilización da instalación o grupo deberá efectuar o pagamento do aluguer, co impreso que se lle facilitará no Servizo Municipal de Deportes. Unha vez realizado o pagamento na entidade bancaria correspondente, unha das copias deberá entregarse no servizo municipal de deportes e outra deberáselle mostrar ao conserxe da instalación, para poder acceder á mesma.

Artigo 11.- Prohibicións.

- Non se autoriza a entrada de animais no recinto do pavillón e demais instalacións deportivas. Exceptúanse desta prohibición os cans- guía , sempre que vaian debidamente identificados, estean a realizar o seu labor e cumpran as condicións de hixiene e salubridade, consonte dispón a Lei 10/1993 do 8 de outubro, reguladora do acceso á contorna das persoas con diminución visual acompañadas de cans- guía.
- Está prohibido o consumo de calquera tipo de bebidas ou de comidas nas pistas e vestiarios das instalacións deportivas.
- Está prohibido tirar calquera tipo de desperdicio nas instalacións deportivas, tanto na superficie de xogo, coma nas zonas anexas (bancadas, vestiarios...).
- Está prohibido o consumo de pipas nos campos de fútbol, para evitar o deterioro do céspede.
- Non se autoriza o acceso ás pistas e aos vestiarios de persoas non participantes nas actividades deportivas, culturais ou escolares. Exceptúase desta prohibición o representante familiar dos deportistas ou escolares menores de 16 anos ou con algún tipo de eiva física ou psíquica, o cal poderá acceder aos vestiarios e a quen lle corresponderá facer cumprir ao menor as normas que lle afecten a esta ordenanza e a responsabilidade do seu incumprimento.
- Toda persoa usuaria que manifeste un comportamento contrario á normativa do presente regulamento, será obrigada a abandonar a instalación.
- Prohíbese a cesión da hora adxudicada a terceiros grupos ou entidades.
- En xeral, non se permite a colocación de publicidade agás permiso expreso do Concello de Arteixo

Artigo 12.- Vestiario deportivo.

É obrigatoria a utilización da vestimenta deportiva para o adestramento ou práctica da actividade desta natureza nas instalacións deportivas. En especial, non se permitirá o acceso ás pistas sen o calzado axeitado.

Artigo 13.- Uso das instalacións.

Transcorrido o tempo de utilización previsto e autorizado para unha actividade concreta, os protagonistas deberán abandonar o espazo deportivo puntualmente, máxime se hai outras actuacións sucesivas. As chaves dos vestiarios serán facilitadas polas persoas encargadas e devolveránselles unha vez rematada a actuación.

CAPÍTULO IV. AUTORIZACIÓNS E HORARIOS

Artigo 14.- Elaboración do horario das instalacións deportivas municipais

- As entidades deportivas que pretendan solicitar a utilización das instalacións deportivas municipais deberán reunir os seguintes requisitos:
 1. Estaren rexistradas oficialmente no Concello de Arteixo.
 2. Teren domicilio social dentro do termo municipal do Concello de Arteixo.
 3. Seren entidades sen ánimo de lucro.

- As entidades deportivas ou veciñais poderán solicitar o uso periódico das instalacións deportivas. Os horarios de utilización acordados actualizaranse anualmente nas datas que determine o Servizo Municipal de Deportes, segundo as solicitudes realizadas previamente polas entidades e a programación deportiva municipal correspondente.
- A documentación que deben presentar as entidades é a seguinte:
 - a) Breve memoria explicativa da actividade que se pretende realizar na instalación, así como da actividade que realiza a entidade e a xustificación das horas solicitadas.
 - b) Documentos que certifiquen os requisitos sinalados
 - c) Listaxe certificada de deportistas ou persoas asociadas pertencentes á entidade que vaian utilizar a instalación (co seu respectivo DNI). Calquera troco, deberá ser comunicado por escrito, dirixido ao Servizo Municipal de Deportes, segundo a presente normativa.
 - d) Nome, apelidos, DNI e teléfono de contacto da persoa responsábel do grupo, así coma o seu cargo dentro do organigrama da entidade solicitante.
- As entidades deberán realizar a solicitude do seguinte xeito:
 - a) As solicitudes realizaranse mediante o modelo normalizado (que estará a disposición dos cidadáns na páxina web municipal) que se determine no SMD, acompañando ao resto de documentación
 - b) As datas para presentar as solicitudes serán as que determine o Servizo Municipal de Deportes en cada tempada, rematando o prazo, con carácter xeral o 15 de setembro.
 - c) As solicitudes deberán presentar no rexistro municipal
 - d) As autorizacións son unicamente para actividades de adestramento, non incluíndo nelas as competicións oficiais, que no seu caso deberán solicitarse expresamente acompañando inescusablemente o correspondente calendario de competición federativa.
- As entidades confirman mediante a sinatura da solicitude de uso de instalacións deportivas municipais que todas as persoas participantes que fagan uso da mesmas, están en posesión da licenza federativa correspondente, así coma que a entidade dispón dun seguro de responsabilidade civil. O club ou entidade usuaria farase responsábel dos posibles danos da instalación que poidan producirse polos seus xogadores, adestradores, persoal auxiliar e persoas asociadas, así coma dos accidentes deportivos
- O horario de utilización das instalacións deportivas municipais será o que determine o Servizo Municipal de Deportes, previa solicitude de autorización por parte dos equipos ou persoas interesadas. O cadro de horario semanal estará exposto ao público na páxina web municipal e taboleiros das propias instalacións
- A autorización que se outorgue non será superior a un ano, sen prexuízo das renovacións que procedan.
- O resto de entidades e particulares interesadas/os na utilización deberán presentar unha solicitude semanal ou mensual o último día do mes ou semana anterior.

Artigo 15.- Normas de elaboración do horario.

- As concesións outorgaranse de acordo cos criterios técnicos do Servizo Municipal de Deportes á vista das solicitudes presentadas
- O Servizo Municipal de Deportes terá en conta, entre outros, os seguintes criterios para adxudicar o número de horas semanais de utilización:
 - As Escolas Deportivas Municipais teñen preferencia na asignación de horarios.
 - Non ter instalacións deportivas propias
 - O nivel de competición e categorías federadas, así como a esixencia segundo as modalidades deportivas.
 - O número de categorías inferiores
 - O número de licenzas federativas en cada hora solicitada, valorando segundo este aspecto a posibilidade de compartir instalación.
 - A promoción do deporte feminino
 - Que o deporte se adapte ás características da instalación a utilizar
 - Que sexan grupos estábeis, como medio de favorecer o asociacionismo deportivo, fronte a grupos informais, inestábeis e faltos de estrutura
 - Que colaboren cos intereses do SMD

- Dentro do horario lectivo, terán acceso preferente ás instalacións deportivas municipais os centros escolares de Arteixo, unicamente para impartir da materia de Educación Física
- Fóra do horario escolar, a preferencia establécese en beneficio das entidades deportivas do municipio.
- Os adestramentos en períodos de pretempada, vacacións e/ou festividades, a modificación de horarios concedidos ou solicitude de novos horarios deberán solicitarse a través do rexistro municipal.
- O Concello pode introducir a modificación dos horarios aprobados cando razóns urxentes de interese público o esixan. Tal continxencia seralle notificada ás persoas afectadas e, sempre que sexa posíbel, trasladarase a autorización de uso a outro día ou a outra banda horaria.
- Os deportistas da entidade autorizada, poderán entrar nos vestiarios da instalación, quince minutos antes da súa hora de uso, e deberán abandonalos ao máis tardar 20 minutos despois de ter rematada a actividade.
- Para competicións oficiais o horario de entrada e saída aos vestiarios será o que determine o SMD tendo en conta os requirimentos das federacións deportivas correspondentes.
- En horarios de adestramento, as bancadas non se abren ao público agás que exista excepcionalmente unha autorización do SMD, non podendo estar nas pistas deportivas nada máis que aqueles xogadores, técnicos, directivos e outro persoal auxiliar oficialmente autorizado.
- É obrigatoria a asistencia do adestrador, do delegado, do directivo ou do profesor durante o desenvolvemento do adestramento e doutras actividades físico-deportivas, así coma a presenza dun responsable maior de idade durante o uso dos vestiarios.
- Para a solicitude de entidades de torneos e eventos deportivos deberán cubrir a folla de solicitude na que se deberá xuntar a seguinte documentación, cunha antelación mínima de dous meses á celebración do evento:
 - Folla de solicitude.
 - Memoria descritiva da actividade a desenvolver
 - Copia da póliza de seguro de responsabilidade civil
 - Achegar o orzamento aproximado de gastos e ingresos da mesma.
 - Memoria de execución da proba que deberá entregarse como máximo con 15 días posteriores á realización da proba ou do torneo.
- Para establecer a designación horaria dos partidos de competición federada das entidades e clubs o SMD seguirán os criterios segundo a seguinte orde de preferencia:
 - 1º Preferencia os equipos de categorías sénior sobre os júniors, xuvenís, cadetes, infantil, alevín e benxamín (segundo a categoría)
 - 2º Preferencia aos equipos que compiten en categoría internacional, estatal, autonómica, provincial, comarcal ou local (segundo o nivel da competición).
 - 3º En caso de coincidencia de clubs nas preferencias, as entidades rotarán as preferencias en horario e día cada fin de semana
 - 4º Actividades deportivas non federadas.
- O uso das instalacións durante unha ou máis tempadas non xera ningún dereito adquirido para as seguintes.

Artigo 16.- Prezo público.

- A utilización das instalacións deportivas municipais suxeitaranse ao previo pagamento do prezo público establecido na ordenanza fiscal correspondente, agás que exista convenio de colaboración en materia deportiva co Concello de Arteixo, de establecerse así no antedito convenio.

Artigo 17.- Publicidade. .

- En todas as instalacións deportivas municipais, calquera que sexa a súa forma de xestión, así coma nos folletos informativos que fagan referencia á instalación ou servizos prestados nelas, figurará en lugar visíbel o logotipo do Concello de Arteixo e do Servizo Municipal de Deportes, acreditando a titularidade municipal da instalación.
- A publicidade estática nas instalacións deportivas municipais, calquera que sexa o soporte publicitario no cal se desexe materializar a mensaxe, queda suxeita á previa autorización e ao aboamento do prezo público que corresponda. .

- Non se autorizará a publicidade estática nos parámetros exteriores das instalacións deportivas municipais, nin a colocación no interior de calquera soporte publicitario que pola súa forma, cor, debuxo ou inscrición poida ser confundido con sinalizacións existentes, impidan a visibilidade ou afecten á seguridade dos/as usuarios/as.

CAPÍTULO V. MANTEMENTO E CONSERVACIÓN

Artigo 18.- Responsabilidades .

- As instalacións deportivas municipais conservaranse en condicións axeitadas de seguridade, salubridade e ornato público.
- Calquera anomalía ou dano que se observe ou se produza coma consecuencia da práctica anormal das actividades, comunicaráselle aos operarios/as das instalacións.
- As persoas organizadoras de cada actividade ou competición serán as responsábeis das accións ou omisións das persoas participantes que lle causen danos ás instalacións, durante o exercicio das actividades e faranse cargo dos gastos que xere o dano.
- O Concello non se fai responsábel, en ningún caso, dos obxectos depositados no interior dos vestiarios e armarios.
- Os operarios/as das instalacións poderanas pechar por razóns de seguridade ou climatolóxicas e cando se produzan circunstancias que poidan ocasionar danos ás persoas ou ás instalacións.

CAPÍTULO VI. INFRACCIÓNS E SANCIÓN

Artigo 19.- Infraccións e sancións.

- Consideraranse faltas leves as seguintes condutas:
 - A desobediencia das instrucións e advertencias que o persoal da instalación determine co fin de cumprir o presente regulamento.
 - As accións que causen danos nas instalacións ou equipamento.
 - Calquera infracción deste regulamento non cualificada como falta grave ou moi grave.
- Consideraranse faltas graves as seguintes condutas:
 - A falta de respecto cara aos traballadores das instalacións ou demais usuarios.
 - As accións que impliquen deterioro grave das instalacións ou equipamento.
 - A reiteración de faltas leves.
- Consideraranse faltas moi graves:
 - As accións que prexudiquen gravemente ou supoñan riscos para a saúde das persoas usuarias ou traballadores/as da instalación.
 - As accións que impliquen un deterioro moi grave ou irreversible nos equipamentos da instalación.
 - A reiteración de faltas graves.
- As sancións que se imporán pola comisión das faltas sinaladas nos artigos anteriores serán as seguintes:
 - As faltas leves sancionaranse con multa de até 500 €. Estas sancións impondíanse por acordo da Alcaldía.
 - As faltas graves sancionaranse con multa de até 1000 €. Estas sancións impondíanse pola Alcaldía, despois da audiencia á persoa usuaria.
 - As faltas moi graves sancionaranse cunha multa de até 2000 €. e coa expulsión das instalacións por un período que se determinará en función da gravidade do acto. Estas sancións impondíanse pola Alcaldía.
- A potestade para sancionar exercerase mediante o procedemento establecido no Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, polo que se aproba o regulamento do procedemento para o exercicio da potestade de sancionar. .
- Para graduar a contía da sanción atenderase á gravidade da infracción, á culpabilidade do autor/a, á entidade dos prexuízos causados ao Concello ou a terceiras persoas e á reiteración por parte da persoa responsábel.
- O réxime sancionador específico para as instalacións acuáticas municipais regularase no capítulo IX do presente regulamento (artigo 33)

CAPÍTULO VII. NORMAS PARA AS ESCOLAS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, CURSOS E DEMAIS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO SERVIZO MUNICIPAL DE DEPORTES.

Artigo 20. Dereitos do alumnado.

- Ser admitido para o uso do servizo sempre e cando se cumpran os requisitos esixidos pola súa regulamentación e haxa prazas suficientes para todas as persoas solicitantes. En caso de que haxa máis solicitudes de nova inscrición que prazas se ofertaron, a admisión realizarase por sorteo previa solicitude, co procedemento que determine o SMD.
- A renovar a praza ocupada no mesmo grupo de actividade de escolas deportivas municipais, sempre que se remate o curso cun mínimo dun 70 % de asistencia ao curso, exista dispoñibilidade de prazas e razóns pedagóxicas e organizativas que o permitan.

Artigo 21. Obrigas do alumnado .

- Cumprir a normativa xeral e específica de uso de instalacións. .
- Asistir ás actividades, cumprindo o horario do curso ou a actividade para a que foi admitido. .
- Presentar un xustificante de pagamento cando sexa requirido. .
- Seguir as indicacións dos socorristas, monitores e do persoal da instalación.
- Os cambios de horario ou de grupo solicitaranse a través das oficinas do SMD. Concederanse sempre e cando sexa posíbel por razóns de ratios, de niveis, de dispoñibilidade de prazas etc. .
- Non se poderá permanecer nas instalacións fóra do horario establecido .
- Os prazos para a solicitude de admisión do alumnado nas escolas deportivas municipais, cursos e actividades formalizaranse nos períodos que determine o SMD

Artigo 22. Perda da condición de alumno/a e/ou asistentes aos cursos.

- Poderanse dar de baixa polos motivos seguinte, coa conseguinte perda dos dereitos adquiridos coa inscrición na actividade correspondente:
 - Por falta de pagamento na cota correspondente nos prazos establecidos.
 - Por un 30% de faltas de asistencia en relación á totalidade do curso.
 - Por faltas inxustificadas á actividade: as faltas inxustificadas á actividade superior a un 60%, durante un período de dous meses serán motivo de baixa automática, sen ter preferencia para volver a mesma actividade.
 - Por faltas reiteradas: As faltas reiteradas aínda que estean xustificadas a un 50% durante un período de dous meses, de existir listaxe de espera
 - Por prescrición médica: Poderán ser dados de baixa aquelas persoas usuarias que por problemas de saúde, teñan contraindicada a realización da actividade física que se realice nas diferentes instalacións deportivas. Nestes casos a persoa usuaria estará como preferente para volver á actividade cando o informe médico sexa apto para á actividade deportiva.
 - Por superar a idade máxima establecida para cada actividade. Serán dados de baixa na actividade aquelas persoas usuarias que superen a idade máxima establecida para a mesma.
 - Por falsear datos relativos a súa inscrición nos cursos.

Artigo 23. Documentación.

- As inscricións das actividades deportivas municipais realizaranse nas oficinas do Servizo Municipal de Deportes, sen menoscabo doutras que se poidan determinar por este departamento e nos prazos que anualmente se determinen.
- Para as Escolas Deportivas Municipais, con carácter xeral é imprescindible a achega da seguinte documentación:
 - Renovación de prazas:
 - Folla de renovación.
 - Impreso de pagamento
 - Novas inscricións.
 - Maiores de idade, fotocopia do DNI.

- Menores de idade, fotocopia do DNI da nai, do pai ou persoa responsábel e fotocopia do seu DNI en caso de telo, ou do libro de familia.
- Folla de inscrición.
- Impreso de pagamento.
- Autorización (no caso de menores de idade)

CAPÍTULO VIII. NORMAS ESPECÍFICAS PARA AS INSTALACIÓNS ACUÁTICAS MUNICIPAIS.

Artigo 24.- Dos tipos de usuarios/as. Servizos aos que poden acceder e modalidades de cotas.

Distínguense as seguintes categorías entre as persoas e entidades que teñen acceso ás instalacións deportivas:

Artigo 24.1.- Persoas aboadas.

- Modalidades.
 - ABONO: Modalidade de acceso consistente no pago dunha cota mensual polo uso das instalacións durante devandito período.
 - MATRÍCULA: Importe obrigatorio no momento da inscrición e formalización da cota de abono. É unha cota única que non deberá volver pagarse mentres que o usuario manteña a condición de abonado.
 - ABONADO INDIVIDUAL: Usuario de 25 a 64 anos, que goza das instalacións sen ningún tipo de limitación dentro do horario de apertura establecido.
 - ABONADO FAMILIAR: Usuario que goza das instalacións nas mesmas condicións que o Abonado Individual e que pode vincular á súa condición de abonado, con custo adicional, ao cónxuxe e fillos/as menores de 18 anos, con cuxo titular gardan dita relación de parentesco.
 - ABONADO TERCEIRA IDADE: Usuario igual ou maior de 65 anos que goza das instalacións nas mesmas condicións que o Abonado Individual, desde a apertura ata as 16:00.
 - ABONADO XOVEN: Usuario menor de 25 anos que goza das instalacións nas mesmas condicións que o Abonado Individual.
 - ABONADO MATINAL: Usuario que goza das instalacións nas mesmas condicións que o Abonado Individual en horario matutino, desde a apertura ata as 13:00 h, de luns a venres en días laborables.
 - ABONADO SOCIAL: Usuario proveniente dos Servizos Sociais do Concello, que polas súas circunstancias persoais accederá á instalación baixo esta modalidade de abono.
- Servizos. A persoa usuaria que se inscribe nesta modalidade disporá dos seguintes servizos:
 - Acceso libre á instalación en todo o horario de apertura (segundo a modalidade de abono).
 - Acceso libre ás actividades de Tarifa Plana.
 - Cotas segundo a modalidade e os servizos en que se inscriba.
- Cotas. As cotas de abonado serán as que determine a ordenanza municipal fiscal correspondente.
 - Os menores de 3 anos integrantes da unidade familiar non pagarán cota tributaria ningunha
 - A condición de usuario adquirese tras o pagamento da cota tributaria correspondente.

Artigo 24.2.- Persoas socias.

- Modalidades:
 - Individual.
 - Familiar: matrimonio ou parella de feito con fillos ata 18 anos. Poden agregarse a esta cota os fillos entre 18 e 24 anos inclusive e os pais da parella titular pagando suplemento.
- Servizos. A persoa usuaria que se inscribe nesta modalidade disporá dos mesmos servizos que as persoas aboadas e a maiores os que se relatan a continuación:
 - Terán un desconto mínimo do 50% respecto da tasa de abonado nas seguintes modalidades:
 - cursos de fitness na auga.
 - cursos de fitness de grupos reducidos (ata 15 persoas con inscrición previa).
 - cursos de bebés.
 - cursos nas escolas de natación para o segundo irmán e seguintes.

- Matronatación gratuíta.
 - Programas de adestramento individualizado gratuíto para socios.
 - Poder acceder a actividades só para socios.
 - Poder incluír na cota de socio familiar aos fillos entre 18 e 24 anos.
 - Poder incluír na cota de socio familiar aos pais da parella titular.
- Cotas. As cotas de socio serán as que determine a ordenanza municipal fiscal correspondente. O cambio de socio a abonado implica o pago de nova matrícula.

Artigo 24.3.- Asistentes a Cursos.

Persoas, que sendo socias, abonadas (ou non), se inscriben a unha actividade dirixida por un monitor.

- Servizos. A persoa usuaria que se inscribe nesta modalidade disporá dos seguintes servizos.
 - Acceso á actividade no horario e nos días sinalados. O devandito acceso realizarase 15 minutos antes de empezar a actividade e a hora de saída será 15 minutos despois de rematala.
 - Formación, corrección, supervisión e seguimento por parte do monitor.
- Cotas. Existen múltiples tipos de cotas e actividades; o seu prezo vén determinado por:
 - Os días semanais da actividade.
 - Tipo de persoas ás que van dirixidas.
 - Tipo de actividade.

Artigo 24.4.- Persoas usuarios por libre.

Son aquelas persoas que acceden á instalación aboando unha entrada diaria ou reservando un espazo. Como xustificante do aboamento do prezo seralle entregado o billete que lle faculta para acceder ao deporte solicitado, cuxa exhibición poderá ser requirida por calquera empregado/a das instalacións deportivas en calquera momento.

Artigo 24.4.1.- Por entradas. .

- Servizos. Utilizar libremente o espazo para o que pagaron a cota (xa sexa piscina ou ximnasio) ademais dos vestiarios e da sauna. O período de duración da entrada é de 1 hora e 30 minutos.
- Cotas. O prezo das entradas vén determinado polo tipo de persoas ás que van dirixidas..
- Modalidades:
 - ENTRADAS PUNTUAIS: Modalidade de acceso consistente no pago dunha cota polo uso puntual das instalacións.
 - ENTRADA NENO: Usuario menor de 16 anos, que disfruta das instalacións sen ningún tipo de limitación, salvo as de uso por cuestións de idade, dentro do horario de apertura establecido.
 - ENTRADA ADULTO: Usuario maior de 16 anos, que disfruta das instalacións sen ningún tipo de limitación, dentro do horario de apertura establecido.

Artigo 24.4.2.- Por reserva.

- Servizos. Utilizar libremente o espazo para o que pagaron a cota polo tempo que contrataron, ademais dos vestiarios. As reservas para as persoas non abonadas só se poderán realizar con 24 horas de antelación.
- Cotas. O prezo das reservas vén determinado polo espazo a reservar e o tipo de usuario.

Artigo 24.5.- Clubs, asociacións e centros educativos.

Son aqueles colectivos que teñen reservada unha instalación un día e hora determinados, e que acceden á mesma no momento da reserva efectuada.

Os servizos de que dispoñan virán determinados pola actividade que vaian realizar e as súas cotas determinaranse mediante acordo, por escrito, entre a empresa concesionaria e o devandito colectivo, co conforme do Concello.

Accederán todas as persoas, da relación actualizada de usuarias, simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsábel perante a empresa concesionaria. Poderán acceder 15 minutos antes do comezo da actividade e a hora de saída será 15 minutos despois de rematala.

Das relacións coas persoas usuarias.

Artigo 25.1.- Requisitos para a alta no servizo.

Será requisito indispensable para o uso dos servizos polas persoas usuarias, a subscripción do correspondente contrato entre a empresa concesionaria e a persoa solicitante, agás as excepcións recollidas no pregos de condicións e no presente regulamento. O contrato será realizado nas oficinas da empresa concesionaria, mediante impresos que esta facilitará, estendendo unha copia do mesmo ao abonado e conservando a empresa concesionaria o orixinal a disposición do Concello. Non se poderá utilizar o servizo, se previamente non se formalizou o correspondente contrato.

No momento da inscrición, a persoa usuaria facilitará a seguinte documentación:

- DNI (orixinal para comprobar a identidade do que realiza a inscrición).
- Libro de Familia para os abonos familiares -inclúense nos mesmos os fillos menores de 18 anos- (orixinal e copia para a administración).
- Parellas de feito: certificado de parella de feito (orixinal e copia).
- Número de conta bancaria.
- Para os abonos/cursos con situación especial (xubilados, nenos, eivados, etc.) acreditarán dita situación a través da documentación fidedigna en cada caso (orixinal e copia).

Cubrirán unha ficha de inscrición cos seus datos persoais e os da súa familia (no caso dos abonos familiares) ademais do número de conta para a domiciliación dos recibos.

A empresa incorporará os datos da devandita folla a un ficheiro automatizado, creando unha ficha por cada persoa, sendo a empresa concesionaria a responsable do cumprimento da normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

Ao final do proceso entregarase un carné persoal e intransferible a cada persoa inscrita (tanto a abonados como asistentes a cursos) que deberá ser pasado polo sistema de control de accesos cada vez que se accede ás instalacións.

- Persoas que acceden a través de reservas.

Deberá presentar o DNI e crearáselles unha ficha coa finalidade de que, tanto os seus datos como a reserva, queden rexistrados no programa informático. Non se lles dará carné.

- Persoas que acceden a través de entrada e/ou como colectivos.

Deberá presentar o DNI e crearáselles unha ficha coa finalidade de que, tanto os seus datos como a reserva, queden rexistrados no programa informático. Non se lles dará carné. A toma de datos servirá para previr accidentes e facilitar a atención.

No caso das entradas os requisitos son:

- Presentar o DNI
- Os menores de idade e xubilados deberán xustificar a súa situación cos documentos correspondentes. Os menores de idade que non teñan unha autorización paterna asinada non poderán acceder á instalación.
- As persoas que accedan na modalidade de colectivo farano todos xuntos simultaneamente e baixo control da persoa encargada que será a responsable perante a empresa concesionaria.
- Os bonos de baño teñen validez até que remate o ano.

Artigo 25.2.- Baixas.

- Tanto as baixas en curso como de abonado realizaranse por escrito na recepción da instalación antes do día 20 do mes en que finaliza o contrato; en caso de estar pechada a instalación pasarase ao día seguinte. De non facelo o servizo renovarase automaticamente agás que este conclúa (fin de tempada nos cursos).
- Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais).
- O/a abonado/a que fose dado de baixa por falta de pagamento de cotas e noutra ocasión desexase volver ser abonado/a, deberá pagar todas as cotas non pagadas desde que se lle dea a baixa até a data na que se lle inscriba de novo ou tramitar unha nova inscrición. En ambos os casos, a nova alta efectuarase se estivese aberta a inscrición.

Artigo 25.3.- Follas de reclamacións e suxestións.

No recinto das instalacións existirán dous tipos de follas de reclamacións:

- Folla de reclamacións/suxestións interna. É o modelo da empresa no que a persoa usuaria realizará as reclamacións relativas a cuestións menores e exporá as suxestións que crea oportunas.
- Folla de reclamacións de consumo. Formulario oficial, debidamente dilixenciado polo organismo competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

O concesionario comprométese a contestar no prazo de unha semana, todas e cada unha das reclamacións ou consultas que se formulen tanto nas instalacións deportivas municipais coma nas dependencias do órgano de contratación, así coma a notificar nun prazo máximo dunha semana ao órgano de contratación, a existencia de tal reclamación, enviando a oportuna copia da mesma, mediante escrito dirixido á persoa funcionaria correspondente, presentado no rexistro.

Ditas follas atoparanse a disposición das persoas usuarias, indicando tal existencia en lugares visibles, especialmente na zona de recepción e na zona dos servizos de administración das correspondentes oficinas e, en todo caso, nas oficinas de atención ás persoas usuarias descritas no Prego que rexe o contrato de concesión.

Artigo 26.- Das taxas/prezos públicos e matrícula.

- Os socios/abonado/as satisfarán as cotas que fosen fixadas pola empresa concesionaria e aprobadas polo Concello de acordo coa oferta presentada, todo iso de acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- A revisión das devanditas taxas realizarase consonte co establecido no Prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas.
- A matrícula pagarase ao darse de alta, tanto persoas usuarias novas como antigas que se deron de baixa.

Formas de pagamento, devolucións de recibos e período de compromiso.

Artigo 27.1.- Formas de pagamento.

- Entradas e reservas. Aboaranse en efectivo.
- Socios, Abonos e cotas de curso.
 - No momento da inscrición aboaranse en efectivo as cotas ás que se inscribiu a persoa usuaria e as débedas pendentes en caso de habelas. Os recibos seguintes domiciliaranse. Dita domiciliación realizarase o primeiro día do mes.
 - Os asistentes aos cursos non abonados deben realizar o pagamento por trimestre e por anticipado.
 - Ás altas nas cotas de aboamento a partir do día 16 faráselles un desconto do 50%.
- Cotas de colectivos. Farase a través de facturación directa desde dirección previo acordo por escrito (contrato).
- Cartón. A primeira vez non ten custo ningún para a persoa usuaria; en caso de renovación por mal uso ou extravío non xustificado, deberase abonar a taxa correspondente.
- Existirá unha comisión de devolución por recibo devolto, polo custo dos gastos bancarios dos recibos devoltos por causa imputable á persoa usuaria.
- Matrícula: en efectivo. Unha cota única non fraccionable. Válida até que se dea de baixa. Unha nova alta ou cambio de modalidade de cuota suporá unha nova matrícula, salvo promocións puntuais.

Artigo 27.2.- Devolucións de recibos.

- Os recibos devoltos enviaranse de novo ao cobramento quince días despois, previo aviso á persoa usuaria que non os atenda, e se non fosen pagamentos causarase a súa baixa automática como tal.
- Os recibos devoltos terán unha comisión.

Artigo 27.3.- Período de compromiso.

- Socio/Abono. O concepto do abono é anual (12 meses) aínda que o pagamento se fracciona mes a mes.
 - O devandito compromiso considerarase prorrogado por prazo igual ao primitivo, se por escrito e antes do día 20 do mes en que remata o contrato, a persoa usuaria non manifesta a súa vontade de rescindilo. Con todo, se á terminación do prazo do contrato existise algunha nova que modificase en todo ou en parte a que estivese en vigor, o abonado deberá subscribir unha nova inscrición que estea oficialmente aprobada, quedando extinguido o antigo contrato e de negarse á sinatura do devandito novo contrato, a empresa concesionaria, previa autorización, poderá anular o abono.
 - Dentro do prezo do abono están incluídos os pechamentos que aparecen detallados no regulamento de uso e na normativa vixente.

- Curso. Existen dúas modalidades de cursos.
 - Cursos formativos de inverno (setembro a xuño). O compromiso para as actividades formativas é polo devandito período. Só se admitirán baixas anticipadas cando queden debidamente xustificadas (enfermidade, motivos laborais).
 - Cursos formativos de verán ou cursos non formativos. O compromiso é mensual.

Cobertura de accidentes.

A empresa concesionaria dispón dun seguro que cobre a responsabilidade civil derivada da súa actividade.

Custodia de valores.

En caso de dispor dun servizo de custodia de valores, as persoas usuarias poderán deixar os seus obxectos de valor no devandito servizo.

Dereitos e deberes das persoas usuarias.

Artigo 30.1.- Dereitos.

Artigo 30.1.1.- Dereito á información.

- Toda persoa que entra na instalación, xa sexa para inscribirse ou non, ten dereito a:
 - Recibir información completa sobre as prestacións dos servizos e posibles incidencias. En concreto:
 - Horario da instalación.
 - Períodos de pechamento.
 - Táboa de prezos e condicións de uso.
 - Aforamentos.
 - Anuncios de posibles cambios de horario, tipos de cotas e condicións de uso.
 - Anuncios de incidencias ou supresións de servizo.
 - Convocatoria de cursos e actividades puntuais.
 - Ser atendidos con trato correcto e adecuado naquelas peticións de información e axuda, nas condicións de dilixencia e rapidez adecuadas.
- Respecto das persoas inscritas, a empresa concesionaria atenderá aos usuarios/as nas súas consultas sobre recibos, carnés, abonos temporais, etc., todos os días laborables no lugar onde estean fixadas as súas oficinas. Esta circunstancia deberá figurar en lugar visíbel en todas as dependencias da instalación deportiva.

Artigo 30.1.2.- Dereito ao uso e goce das instalacións.

- Teñen dereito a acceder e usar as instalacións deportivas, para o fin que lle son propios, todas as persoas, asociacións deportivas, clubs legalmente constituídos e centros educativos co fin de practicar algún dos deportes contemplados no recinto, fomentar a educación física sempre que aboan as tarifas establecidas polo Concello e dean cumprimento á normativa contida neste Regulamento.
- Con independencia do anteriormente expresado, haberase de ter en conta que en ningún caso se permitirá a entrada dun número de persoas usuarias superior ao aforamento máximo permitido. .
- No caso de que se impida o acceso ao recinto das instalacións a algunha persoa, o devandito impedimento será razoado e motivado, cabendo os recursos que no seu caso procedan, segundo a lexislación vixente.
- O acceso ás bancadas será regulamentado pola empresa concesionaria.

Artigo 30.1.3.- Dereito á protección de datos persoais.

- Para os efectos da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, a empresa concesionaria comprométese a respectar a confidencialidade dos datos e a utilizalos de acordo á súa finalidade.

Artigo 30.1.4.- Dereito a opinar e reclamar.

- A persoa usuaria terá dereito a suxerir calquera proposta ou formulación que considere oportuna debendo recibir por parte da empresa concesionaria contestación ás devanditas suxestións.
- A persoa usuaria poderá reclamar en todo momento, con máis motivo se cabe cando considere que o servizo non se axusta ao pactado. .

- No caso de desaxuste de horarios nos cursos (motivado pola empresa concesionaria e fóra das causas admitidas polo regulamento), a persoa usuaria poderá optar por (coordinado polo persoal adscrito ás instalacións):
 - Recuperar a sesión noutro horario.

Artigo 30.2.- Deberes das persoas usuarias.

- Respetar a normativa de uso das instalacións.
- Aboar as cotas nos períodos establecidos para iso.
- Avisar á empresa concesionaria de calquera cambio nos seus datos que poidan afectar ao tipo de cota (idade, situación familiar...). No caso de que a empresa detecte unha irregularidade a persoa usuaria verase obrigada a pagar os atrasos desde o cambio da súa situación.
- A inscrición en calquera actividade implica a aceptación do sistema de funcionamento utilizado pola empresa concesionaria.
- Identificarse sempre e cando o solicite a empresa concesionaria (dentro da instalación deportiva).

Dereitos e deberes da empresa concesionaria.

Artigo 31.1.- Dereitos.

- A organización, estrutura, e desenvolvemento das actividades é competencia da empresa concesionaria, que estará supervisada pola Comisión de seguimento e control do Servizo. .
- A empresa concesionaria deberá pór en marcha e supervisar un ficheiro de persoas usuarias, coa finalidade de manter as óptimas relacións comerciais, sempre que así o acepte a persoa usuaria, de acordo coa lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e revestirá carácter de confidencia.

Artigo 31.2.- Deberes.

- O concesionario deberá dispor dos medios persoais necesarios para a perfecta vixilancia da instalación e control de acceso. Polo menos disporase, sempre que a instalación estea aberta dunha persoa de control de acceso. En todo caso o acceso ás instalacións realizarase a través de medios informáticos.
- A empresa concesionaria deberá garantir, de forma permanente, a viabilidade de uso das instalacións, agás interrupcións ocasionadas por causas de forza maior (obras de ampliación, renovación e mellora), avarías e necesidades de servizo.
- Nos casos en que se produza a interrupción do servizo, a empresa concesionaria deberá procurar, en todo momento, reducir ao máximo o tempo de duración daquela, achegando os medios humanos e materiais necesarios para o seu restabelecemento, para os efectos de causar o mínimo trastorno ás persoas usuarias. .
- A empresa concesionaria é a responsable do mantemento da orde no interior do recinto, así coma de que se cumpran as normas contidas no presente Regulamento e demais disposicións aplicábeis. Para iso contará coa colaboración da Policía Local. .
- Manterá en todo momento as condicións de seguridade e saúde das instalacións, limpeza e aseo que corresponda.
- Deberáselle comunicar ás persoas usuarias, calquera anomalía que lle afecte ao servizo.
- Manterá un trato correcto e educado en todo momento.
- Disporá de follas ou libro de reclamacións, debidamente dilixenciado polo organismo competente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Regulamento de uso.

Artigo 32.1.- Horarios da instalación e datas de pechamento.

- Horarios. A instalación terá dous tipos de horarios:
 - Inverno. Do 16 de setembro ao 30 de xuño.
 - Verán. Do 1 de xullo ao 15 de setembro.
- O horario de apertura en cada tipo será o proposto pola empresa concesionaria no procedemento aberto, en base ao marcado como mínimo polo Concello no prego de prescricións técnicas. .
- Os devanditos horarios poderán ser modificados previa xustificación e aprobación por parte do Concello. As persoas usuarias deberán ser informadas en tempo e forma das devanditas variacións.

- Os horarios deberán estar expostos de forma visíbel á entrada da instalación.
- Pechamentos. A instalación permanecerá pechada os días festivos locais, o 25 de decembro e 1 e 6 de xaneiro.
 - Os días 24, 31 de decembro e 5 de xaneiro, a instalación só abrirá con horario festivo.
 - A piscina municipal permanecerá pechada ao público durante os días naturais que resulten necesarios ao ano para realizar os labores de limpeza xeral (preferentemente nos meses de menor ocupación da piscina), desinfección e desinsectación con produtos autorizados, ou cantas veces sexan requiridos ditos labores polas autoridades sanitarias nos termos previstos no Decreto 103/2005, do 6 de maio, polo que se establece a regulamentación técnico- sanitaria de piscinas de uso colectivo da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Poderase pechar parcialmente ou impedir o acceso a determinadas instalacións por esixencias técnicas.
 - En todo caso, a empresa concesionaria (coa aprobación da Comisión de Seguimento e Control) reserva o dereito de pechar temporalmente as instalacións, sen dereito a indemnización, por limpeza ou programacións propias como competicións, partidos, cursos ou outros eventos que estime oportunos, para o que deberá informar, con carácter previo, a cada un dos usuarios afectados, procurando non interferir nas actividades xa iniciadas. Tratarase de ter, en todo momento, un plan de actividades deportivas previsto cada ano e aprobado pola Comisión de Seguimento.

Artigo 32.2.- Limitación do número de persoas usuarias e abonadas.

- En caso de acadar o aforamento máximo ou prever alcanzalo a empresa concesionaria poderá limitar o acceso á instalación. Dita limitación penalizará principalmente ás persoas usuarias que queiran acceder mediante o pagamento dunha entrada, xa que o resto de persoas usuarias posibles (abonados e asistentes a cursos) atópanse en activo e pagaron a cota correspondente. .
- A empresa concesionaria reserva o dereito de limitar o número de abonado/a, previa comunicación por parte da empresa concesionaria ao Concello e a oportuna aprobación deste.

Artigo 32.3.- Normativa de uso.

A continuación especificanse todas aquelas normas que regulamentan o funcionamento dentro das instalacións.

Artigo 32.3.1.- Normativa xeral. Antes de sinalar as normas, fanse unha serie de indicacións que todas as persoas usuarias deberían seguir:.

- Obrígase a todas as persoas usuarias a que utilicen a vestimenta e calzado axeitado, así coma toalla en todos os equipamentos, actividades e espazos.
- É recomendábel hidratarse antes, durante e despois do exercicio.
- Antes de empezar a actividade é necesario un bo quentamento para evitar lesións, dores musculares....
- Recoméndase non utilizar xoias, aneis, cadeas, etc.
- É obriga dos usuarios respectar os protocolos de uso que se recomenden.
- Os técnicos deportivos poderán solicitar un certificado médico a aqueles clientes considerados “de risco”.
- Non está permitida a entrada ás instalacións ás persoas que padezan enfermidades infecciosas ou contaxiosas, especialmente afeccións cutáneas sospeitosas.
- Con independencia do anteriormente expresado, haberase de ter en conta que, en ningún caso se permitirá a entrada nos distintos espazos deportivos, de número de persoas usuarias superior ao aforamento máximo permitido.
- Non se permite o acceso ao recinto con animais, agás cans guía. Así mesmo, queda prohibida a entrada de mesas, cadeiras, coches de nenos e similares, os cales, no seu caso, quedarán á entrada do recinto, no seu lugar destinado para tal efecto.
- O acceso a menores virá determinado pola normativa específica de cada espazo e/ou actividade.
- Non se permite comer en todo o recinto deportivo. Agás nos espazos acondicionados para iso.
- Non se permite facer fotos ou gravacións no interior da instalación sen a autorización expresa da dirección do centro e das persoas usuarias.
- Deberanse usar as instalacións e servizos cun bo trato e coidado correcto. Os/as usuarios/as axudarán a manter as instalacións limpas, colaborando cos empregados/as, utilizando as papeleiras repartidas por todas as zonas da instalación.

- Deberanse usar as instalacións para o que especificamente están creadas.
- Deberase gardar o debido respecto aos demais usuario/as, observando a compostura necesaria para a boa convivencia. .
- Deberanse aboar puntualmente as cotas estabelecidas, así coma a reserva de horarios, previamente concedida.
- Só se poderá utilizar a instalación deportiva unicamente naqueles servizos contratados.
- Non se poderá introducir nas instalacións deportivas elementos ou obxectos que poidan causar lesión, deteriorar os equipamentos ou turbar a tranquilidade das persoas usuarias.
- Deberanse evitar comportamentos que impliquen perigo ou risco para a integridade das persoas usuarias.
- Evitarase calquera actitude antihixiénica.
- A filosofía do servizo baséase nunha actividade física para a saúde e o benestar, polo tanto non está permitido recomendar, facilitar, vender ou consumir substancias dopantes.
- Non se poderá facer uso privativo das instalacións que son servizos comunitarios.
- Deberanse respectar os horarios de funcionamento da instalación. Non se poderá permanecer nas instalacións, despois do pechamento, sen estar autorizado. .
- Deberanse acatar e cumprir cantas normas e instrucións dite a empresa concesionaria por si ou a través do persoal das instalacións.
- Os obxectos que se extravíen polos/las usuarios/as e sexan localizados por algunha persoa, deberán ser entregados ao encargado/a das instalacións, quen o fará así saber aos/as usuarios/as polos medios oportunos, para que se recobre por quen acredite ser o seu titular. Se transcorrido un mes non se reclamou o obxecto extraviado a empresa que xestiona as instalacións disporá libremente do mesmo.

Artigo 32.3.2.- Normativa de vestiarios.

- O uso de vestiarios está destinado para aboados e non aboados. Existen vestiarios para o uso exclusivo de persoas con eivas, e pais/nais con fillos/fillas maiores de 6 anos. Só os nenos menores de 6 anos se poderán cambiar no vestiario de distinto sexo.
- Non se lle permitirá o acceso aos vestiarios ás persoas que non vaian facer uso das instalacións, con excepción dos acompañantes das persoas asistentes aos cursos que, pola súa idade ou condicións, non sexan quen de espírense nin vestírense con autonomía. As persoas acompañantes non deben acceder á zona de duchas nin á piscina.
- Nas zonas húmidas utilizarase calzado de baño; o devandito calzado utilizarase única e exclusivamente para esa finalidade.
- Tras a ducha débese secar na zona de secado. Escorrer a roupa de baño para evitar mollar a zona seca do vestiario.
- Non se utilizará o lavabo para enxaugar os traxes de baño, zapatillas, etc.
- Por motivos de hixiene non se permite tinguirse, afeitarse nin depilarse.
- Non se poderá malgastar a auga e deberase facer un correcto uso das papeleiras.
- Evitarase subir aos bancos para cambiarse.
- O/a usuario/a deberá gardar a debida compostura e decencia, tanto nos vestiarios coma na práctica de actividades deportivas. Non está permitido gritar, correr nos corredores e en xeral toda actividade que poida molestar aos demais usuarios/as.
- Non está permitido deixar os bolsos nin a roupa fóra dos armarios xa que ocupan o espazo destinado a cambiarse.
- Os armarios funcionan mediante o depósito dunha moeda ou cadeado, que lle será devolta ao fin do uso da mesma.
- Os/as usuarios/as dos armarios serán igualmente responsábeis da custodia da chave do mesmo, debendo aboar ao adxudicatario o importe pola súa non reposición. Ditas chaves non poderán sacarse das instalacións deportivas.
- A empresa concesionaria non se responsabiliza dos obxectos de valor ou diñeiro depositados nelas e exhorta aos/os usuarios/as a acudir ás instalacións sen os devanditos obxectos de valor. .

- Non se permitirá deixar ningún obxecto persoal nin utensilio de hixiene ou para realizar calquera actividade física dentro dos armarios despois de pechar a instalación. En caso contrario, as persoas traballadoras da instalación quedan autorizadas para poder abrir e baleirar os armarios e gardar todo o atopado en obxectos perdidos; o seu contido gardarase durante unha semana. En caso de non ser reclamado actuarase segundo os criterios que a empresa concesionaria considere conveniente de acordo co valor do extraviado.

Artigo 32.3.3.- Normativa de baños de calor (sauna e vapor).

- Non se permite o acceso a persoas con enfermidades cardiovasculares, hipotensión, embarazo,.... En caso de dúbida sobre a súa posíbel utilización consulte ao seu médico.
- Non se recomenda utilizar este servizo máis de 10 minutos (5 as primeiras veces). .
- Por motivos de hixiene cómpre utilizar toalla e calzado de baño.
- Polos mesmos motivos non se permite afeitarse nin depilarse, nin realizar calquera outra actividade relacionada coa hixiene persoal.
- Non se permite o acceso a menores de 14 anos.
- Non se pode verter ningún tipo de líquido no calefactor.
- Respecta os protocolos de uso que se recomiendan

Artigo 32.3.4.- Normativa de piscinas e vaso activo.

- Para utilizar as piscinas é necesario o uso de gorro, zapatillas (só nos accesos) e roupa de baño (traxe de baño e/ou bikini deportivo).
- É obrigatorio ducharse antes de entrar nas piscinas. Non está permitido o uso de xabóns ou produtos cosméticos nas duchas da piscina.
- Na zona de augas non está permitida a realización de actividades que supoñan risco como: correr, saltar de cabeza, empuxar, apneas continuadas ou realizar xogos perigosos.
- As persoas usuarias que non saiban nadar non poderán acceder á instalación agás que se inscriban a un curso e soamente accederán no horario do mesmo.
- Os menores de 10 anos, que non veñan ao curso, só poderán acceder ás piscinas nos horarios detallados no programa de servizos e sempre en compañía dos seus pais ou titores.
- As nenas e nenos entre 10 e 14 anos que queiran vir por libre ás piscinas, só o poderán facer se demostran nadar con suficiencia e previo permiso asinado polos seus pais ou titores.
- Deberanse respectar as zonas de entrada e saída das piscinas. As persoas usuarias comprobarán as diferentes profundidades do vaso da piscina antes de facer uso da mesma co fin de evitar accidentes.
- Queda prohibido cruzar as rúas, agarrarse ou sentar nas corcheiras.
- Sempre que utilice a rúa libre deberá facelo polo lado dereito da mesma. .
- Calquera persoa usuaria terá acceso ao uso do material de piscina colocándoo no seu lugar unha vez utilizado.
- O uso de pas e aletas está restrinxido ao nivel de ocupación da piscina, polo que o socorrista será quen autorice en cada momento a posibilidade do seu uso, e nun espazo determinado.
- Débese evitar o acceso ao vaso con gomas de mascar, apósitos, xa que sempre acaban quedando no fondo do mesmo.

Artigo 32.3.5.- Normativa de Salas de cardiovascular, musculatura, cicloindoor....

- Para acceder a esta sala cómpre traer consigo unha toalla, e por motivos de hixiene, utilízala en cada aparello. .
- Para acceder a esta sala é necesario traer calzado deportivo diferente ao da rúa e roupa para a práctica deportiva. Recoméndase hidratarse durante a práctica de exercicio.
- Deberase deixar libre o aparello durante os tempos de descanso. .
- Deberanse respectar os tempos de uso dos aparellos. A persoa técnica poderá regulamentar unha listaxe de espera e uso en caso de ser necesario.
- Deberase colocar os pesos e barras no seu lugar unha vez utilizados.
- Deberase secar a suor nos aparellos utilizados.

- Por razóns de seguridade, non se permitirá realizar tarefas de asesoramento ou adestramento a outros socios/as dentro da instalación. Este labor compételle á persoa técnica. .
- Non se permitirá a entrada con mochilas ou bolsos.
- A ocupación máxima da sala de musculatura será determinada pola persoa técnica deportivo en cada momento e dependerá tanto do número de aparellos como das rotacións que a devandita persoa técnica programe. Existindo un cartel visíbel co aforamento máximo permitido.
- As persoas menores de 14 anos non poderán acceder ás devanditas salas agás aqueles que presenten un informe médico que así o indique e previa autorización dos seus pais, nais ou persoas titoras.
- As persoas entre 14 e 16 anos poderán acceder ás salas en horario de atención ao público do monitor de sala e con autorización do pai, nai ou titor

Artigo 32.3.6.- Normativa de actividades/cursos.

- A inscrición para cursos en activo con prazas libres é inmediata (salvo nas actividades formativas). A persoa usuaria deberá cubrir unha ficha (específica para cursos) coa finalidade de poder realizarlle un seguimento.
- Nas actividades formativas realizarase unha proba de nivel que determinará a súa capacidade e en que horarios se pode inscribir.
- O curso aboarase íntegro aínda que se empece a actividade co mes avanzado. Permitirase recuperar as clases perdidas (o departamento técnico informará de cando e como).
- Permítese a opción de vir a quendas (mañá ou tarde) previa xustificación. Solicitarase en recepción e será o departamento técnico o que determine a viabilidade da devandita solicitude.
- Os cambios de grupo/actividade solicitaranse por escrito en recepción para analizar a dispoñibilidade de prazas e será o equipo técnico o que decida a viabilidade do cambio. No caso das actividades formativas só se admitirán solicitudes para cambios dentro do mesmo nivel.
- Nos cursos formativos, ao realizarse unha avaliación continua do nivel dos asistentes aos cursos, no momento en que o monitor considere o nivel superado, o equipo técnico comunicarllo á persoa interesada facilitándolle a incorporación ao seguinte nivel, en función da ocupación do mesmo.
- Os cursos formativos de inverno teñen unha duración de setembro a xuño (coincidente cos meses de escolarización); as persoas inscritas neles adquiren un compromiso de permanencia para ese período; non obstante, por motivos xustificables (saúde, traslado, etc..) poderase tramitar a baixa antes de finalizar o período de compromiso.
- Os cursos formativos de verán e os non formativos teñen un compromiso mensual.
- As baixas deberán solicitarse antes do día 20 de cada mes. En caso de estar pechada a instalación poderase facer o día seguinte. .
- A empresa concesionaria faise responsable do alumno menor de idade no momento en que o monitor o recolle e durante a duración do curso. Antes do inicio da actividade e despois de rematar o devandito curso a responsabilidade é dos pais/nais ou persoas titoras. .
- A idade mínima de incorporación ás actividades non formativas será de 16 anos. Os menores de idade terán que presentar autorización paterna asinada.
- En calquera actividade, pódese facer unha clase de proba, solicitándoo en recepción.
- Os días festivos non haberá clases e estas non serán recuperables.
- Non se permitirá a entrada ao curso pasados 5 minutos do comezo do mesmo.
- En caso de non asistir ao curso ao longo de tres sesións de forma inxustificada, será motivo para perder a praza no mesmo. .
- A adxudicación das prazas nas actividades será individual e por rigorosa orde de chegada.
- A dirección non se responsabiliza das repercusións que se derivasen pola necesidade de cambio, ante o abandono do/a monitor/a dunha actividade ao longo do curso.

Artigo 32.3.7.- Normativa para Clubs, Federacións etc.

- Ademais das normas xerais para os/as usuarios/as das instalacións, aos Clubs, Federacións, Agrupacións, Asociacións e Entidades seranlles aplicadas as seguintes normas.

- Comunicaci3ns 3 direcci3n. Para o bo coidado da instalaci3n os/as integrantes dos equipos teñen a obriga de p3r en coñecemento dos/as empregados/as todas as anomalías ou danos atopados, sendo de maior gravidade o non facelo cos producidos por eles/as mesmo/as.
- Comportamento nas instalaci3ns. O comportamento nas instalaci3ns, deberá ser correcto, favorecendo en todo caso o labor dos/as empregados/as. O respecto a isto será en todo momento obrigado, atendendo correctamente as súas instrucci3ns.
- Vestimenta. A práctica deportiva, sexa a especialidade que sexa, realizarase co material e a vestimenta adecuada, non só en canto 3 uniformidade, sen3n en canto a protexer as condici3ns da instalaci3n. Desta forma, haberá de coidar sobre todo o calzado. Deberán dispor dun calzado deportivo para uso exclusivo das instalaci3ns. Os membros do equipo t3cnico (adestradores/as, delegado/as e persoal auxiliar) deberán respectar a norma anterior tanto nos adestramentos coma nos encontros.
- Reserva de Instalaci3ns. A presentaci3n de solicitudes para adestramentos durante a tempada deportiva deber3 realizarse na propia instalaci3n desde o día 1 ao 30 de xuño de cada ano, de modo que sexa incluído no correspondente plan de actividade da instalaci3n. O horario deber3 ser acordado co Concello.
- Tempada deportiva. A tempada deportiva enténdese desde o mes de setembro ao de xuño do ano seguinte, ambos inclusive.
- Informaci3n requirida da persoa solicitante. Na solicitude deber3 constar informaci3n sobre o grupo solicitante; direcci3n, tel3fono, respons3bel, actividade deportiva a desenvolver, categoría, n3mero de usuarios/as, etc.
- Criterios t3cnicos. Permitirase a utilizaci3n das instalaci3ns a clubs, federaci3ns, agrupaci3ns asociaci3ns e entidades, de acordo cos criterios t3cnicos da empresa concesionaria 3 vista das solicitudes presentadas, sendo alg3ns destes criterios.
 - Que estean situados ou relacionados coa zona de influencia da instalaci3n.
 - Que sexan grupos estables, como medio de favorecer o asociacionismo deportivo, fronte a grupos informais, inestables e faltos de estrutura.
 - Atenderase 3 categoría e n3mero de equipos do club, así coma o n3mero de participantes en cada actividade.
 - Que colaboren cos intereses da zona. .
- Cambio de datos. A partir do outorgamento do permiso de utilizaci3n das instalaci3ns deportivas, todos os cambios producidos en relaci3n cos datos da inscripci3n, deber3n ser comunicados por escrito 3 empresa concesionaria. .
- Calendarios de competici3ns. Coa finalidade de garantir un adecuado servizo aos usuarios/as, recom3ndase enviar un calendario anual de actividades antes do inicio da tempada deportiva. A empresa concesionaria reserva o dereito de modificar estes calendarios, debendo, en tal caso, comunicarlle por escrito ao Concello tal circunstancia. .
- Competici3ns oficiais. As competici3ns oficiais que se desenvolvan nas instalaci3ns do Concello polos equipos pertencentes a Clubs do lugar, est3n exentas de tarifa de uso, exceptu3ndose os seguintes casos:
 - Nos casos que se precise montaxe ou traballos preparativos extras.
 - Se realízase cobramento de entrada.

Regulamento de sancions

- A empresa concesionaria e o Concello de Arteixo crear3n unha Comisi3n de Seguimento da explotaci3n. Estar3 constituída polas persoas descritas no Prego de Cl3usulas Administrativas Particulares. Un dos seus labores ser3 aplicar as sancions que considere oportunas a aquelas persoas usuarias que infrinxan as normas. Consid3ranse faltas todas aquelas actuaci3ns, por parte das persoas usuarias, que non respecten as normas de uso e funcionamento contidas neste regulamento e calquera outra aplic3bel a espazos de uso colectivo.
- O persoal encargado da explotaci3n da piscina, en ausencia de axentes da autoridade, poder3 adoptar as medidas necesarias en orde 3 utilizaci3n da mesma, formulando, no seu caso, as denuncias pertinentes. Para estes efectos, servir3n de medio de proba as obtidas polo persoal do concesionario debidamente acreditado e cos medios previamente homologados pola administraci3n competente, así coma calquera outro admitido en dereito.
- En todo caso, a empresa concesionaria ten a potestade de expulsar a unha persoa e retirarlle o carn3 provisionalmente, at3 que se aprobe a sancion, no caso dun comportamento grave.

- As faltas/sancións dividiranse en:
 - Leves. Enténdense como faltas leves aquelas derivadas dun comportamento irregular:
 - Non traer o carné de forma reiterada.
 - Non utilizar a vestimenta adecuada.
 - Non respectar as normas de uso.
 - Ditas faltas levarán unha comunicación por escrito á persoa infractora.
 - Graves. Enténdense como faltas graves:
 - A reiteración de faltas leves (a partir da terceira poderase considerar falta grave).
 - Faltas de respecto ao resto das persoas usuarias e/ou persoal da instalación.
 - Vandalismo.
 - A cesión do carné a outra persoa.
 - Ditas faltas levarán a suspensión do acceso á instalación por un espazo de entre 1 e 12 meses.
 - Moi graves. Enténdese por faltas moi graves
 - a reiteración de faltas graves (a partir da segunda poderase considerar falta moi grave).
 - Aquelas faltas que impliquen actuacións xudiciais.
 - Ditas faltas levarán a prohibición de acceso á instalación por tempo indefinido.
- Outras consideracións.
 - Os actos de vandalismo darán lugar á reparación, reposición e/ou aboamento dos danos ocasionados, sen menoscabo das sancións e actuacións xudiciais que se poidan levar a cabo.
 - En caso de usuario/as pertencentes a Clubs, tanto o/a delegado/a do equipo como o club serán responsábeis subsidiarios do comportamento dos seus deportistas.

DISPOSICIÓN FINAL

Este regulamento entrará en vigor unha vez aprobado definitivamente polo Concello e publicado o texto íntegro e o acordo no Boletín Oficial da Provincia e teña transcorrido o prazo previsto no artigo 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, regulamentadora das bases de réxime local.”

En Arteixo, a 9 de Outubro de 2015

A Concelleira da Área de Benestar Comunitario

Asdo. Inés Ramos Álvarez

2015/10706